

Plantilla memoria xustificativa do “ Máster Universitario
en Derecho Público de los Recursos Hídricos y Termales
por la Universidade de Vigo –AQUA LEX”

UniversidadeVigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

Galicia, pola súa condición de territorio con abundantes recursos hídricos e termais, require, nos sectores público e privado, profesionais cun alto nivel de formación xurídica en materia de recursos hídricos e termais. Actualmente, o número de mananciais existentes en Galicia é superior a 300 (hai máis de 2000 en España), o que deu lugar a unha industria moi activa vinculada á explotación de augas minerais, con 10 plantas de envasado de auga mineral natural (100 en España) e 21 balnearios (115 en España). Unha particularidade destas industrias é que están a crear riqueza en zonas do interior de Galicia, na súa maior parte en zonas rurais con tendencias similares —despoboación, baixa renda per cápita e presenza dunha estrutura produtiva con predominio do sector primario...—, xa que polas características do recurso non poden deslocalizarse e deben instalarse nos mesmos lugares de captación do acuífero (<https://www.augadegalicia.com/>)

Ademais, debe terse en conta que, nos últimos anos, “o turismo termal en España xerou (...) máis de 3.500 millóns de euros en ingresos directos e indirectos e contribuíu á creación de máis de 40.000 empregos” (<https://www.caldaria.es/turismo-termaleconomia-local/>). Dentro de España, a Comunidade Autónoma de Galicia é onde se concentran os máis importantes recursos termais do Estado e onde este sector económico acada maior presenza. A título de mostra da relevancia en Galicia deste sector e da relevancia neste sector de Galicia, téñanse en conta as seguintes evidencias de carácter internacional:

- a) Ruta das cidades históricas termais: unha iniciativa do Consello de Europa, que inclúe a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ourense e Outariz (no resto de España, só a Comunidade Autónoma de Cataluña e un concello catalán están incluídos nesta iniciativa turística/cultural internacional). <https://historicthermaltowns.eu>
- b) Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: no contexto desta eurorrexión creada en 2008, nace o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, unha asociación transfronteiriza de máis de 30 concellos galegos e portugueses e dúas deputacións provinciais (Ourense e Lugo). Dentro dela, en 2022, nace o Foro termal do eixo atlántico. No que se refire á xestión en xeral doutros recursos hídricos, as augas son un ámbito estratéxico para a economía galega, especialmente nos sectores agroalimentario, turístico e enerxético, aínda máis no contexto actual de cambio climático.

1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

Non hai actualmente no SUG ningún mestrado (nin oficial nin non oficial) especializado en formación xurídica sobre auga nin sobre auga e recursos termais. Existen mestrados con contido ambiental multidisciplinares con algún contido xurídico, pero ningún centrado especificamente na formación xurídica en materia de auga ou de auga e recursos termais. Actualmente, calquera persoa en Galicia que estea a cursar este tipo de formación de segundo ciclo debe buscala fóra da comunidade autónoma.

1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade

1º.- PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO. O mestrado impartirase por e dende a Facultade de Dereito, centro integrante do Campus Auga, en Ourense. En 2014, “o Campus Auga foi a primeira iniciativa de especialización dun campus non central do Sistema Universitario Galego (SUG) (...); o 8 de febreiro de 2024 coa resolución, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, pola que se acredita o Campus Auga como campus de especialización do Sistema Universitario Galego” (<https://campusauga.uvigo.es/ocampus/plan-estratexico/>). Dacordo con tal resolución de 8 de febreiro de 2024, unha das tres liñas temáticas nas que se focaliza o Campus Auga é “a xestión da auga termal”.

En consecuencia, os contidos e orientación do mestrado identifícanse plenamente co plan estratéxico do Campus Auga. A creación deste mestrado aproveita as singularidades académicas do Campus Auga e profundizará nos seus obxectivos e fins.

2º.- OPORTUNIDADE. O equipo docente da Facultade de Dereito que se incorporará ao mestrado acumula unha moi elevada experiencia na impartición de contidos xurídicos sobre auga e termalismo en diversos títulos oficiais, universitarios e interuniversitarios, e títulos propios da Universidade de Vigo. No que se refire á experiencia en docencia no réxime xurídico da auga e recursos termais vixentes a día de hoxe no SUG cabe subliñar:

- Programa de Doutoramento en Auga, Sostenibilidade e Desenvolvemento pola Universidade de Vigo. Dende a súa creación en 2017 o profesorado da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo imparte en exclusiva a formación xurídica deste programa multidisciplinar e dirixe teses doutorais de contido xurídico.
- Mestrado Universitario en Xestión Sostible da Auga. Dende 2022, mestrado interuniversitario e interdisciplinar, no que o 100 % da formación xurídica é impartida por profesorado da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo en dúas materias: “Dereito da Auga” e “Contratación pública e fiscalidade dos servizos de auga urbana”.

- Experto en Auga, Termalismo e Saúde. Dende 2025, título propio multidisciplinar da Universidade de Vigo, no que o 100 % da formación xurídica é impartida por profesorado da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.
- Aos anteriores hai que sumar diversas materias de titulacións de primeiro ciclo vixentes (Grao en Dereito, Grao en Ciencias Ambientais) nas que o profesorado da Facultade de Dereito imparte docencia sobre o réxime xurídico dos recursos hídricos e do medio ambiente; así como un bo número de titulacións de segundo ciclo no contexto do Espazo Europeo de Educación Superior dende 2007 ata a actualidade (algúns vixentes), como o Mestrado Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente (Universidade de Vigo), o Mestrado Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control (Universidade de Vigo), ou o Mestrado Universitario en Economía Circular (interuniversitario).

3º.- INNOVACIÓN DOCENTE E INVESTIGADORA. Unha parte relevante dos docentes do mestrado serán membros do Grupo de Innovación Docente “MEDEA IRUIS Innova” (antes denominado “Publici iruis”), GID multidisciplinar e interuniversitario da Universidade de Vigo, operativo dende 2019, con achegas metodolóxicas en materia de docencia en liña e novas tecnoloxías, e, especificamente, no ámbito material da auga e temas conexos. Recentemente, varios dos seus membros integrados no equipo docente de AQUA LEX foron os responsables da organización das “IV Jornadas sobre metodoloxía e innovación docente de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo: la cultura y el agua en la docencia del Derecho (Ourense, 15 de xullo de 2025), dirixidas a profesores de Dereito de todo o sistema universitario español.

Ademais, os contidos do mestrado correspóndense coas liñas de investigación dos grupos nos que se integran os seus docentes e con varios proxectos de investigación actualmente en fase de execución.

2 Mercado laboral

2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta.

A demanda de formación xurídica neste eido (tanto por parte de empregados públicos e funcionarios dos subgrupos A1 e A2, como de profesionais liberais e empregados privados ligados a actividades vinculadas coa auga, co termalismo ou co medio ambiente, ou de persoas que están a formarse para buscar emprego) é elevada e moi superior á oferta académica existente no Sistema Universitario Galego e no conxunto do sistema universitario español.

A formación xurídica en materia hídrica e termal que ofrece este mestrado serve tanto para mellorar as competencias profesionais de persoas que xa están incorporadas ao sector público e ao sector privado (coa conseguinte mellora das súas expectativas de promoción), como para adquirir competencias que faciliten a incorporación ao mercado laboral ou profesional.

As titulacións neste eido que existen noutras comunidades autónomas amosan un interese sostido pola formación en dereito hídrico:

- Universidade de Granada: contan cun título propio virtual denominado “Máster de formación permanente en Derecho de Aguas”, con 60 ECTS; a matrícula ascende a 3.882,73 €, vai pola cuarta edición e ofertan 40 prazas. https://titulospropios.ugr.es/estudiant_es/oferta-formativa/master-formacionpermanente/master-formacionpermanente-derecho-aguas-0
- Universitat Rovira i Virgili: Contan cun “Máster Universitario en Derecho Ambiental” (virtual), con 120 ECTS en dous anos (contan cunha asignatura de 6 ECTS dedicada ao estudo do réxime xurídico das augas e do medio mariño), a matrícula costa 2.616 euros cada anualidade, van pola vixésima edición e ofertan 25 prazas.
- Hai máis universidades (privadas, como a UNIR ou a Universidade Europea) que ofertan mestrados universitarios sobre Dereito ambiental a prezos de universidade privada; e algunha outra universidade pública (coma a de Alicante) que oferta un Mestrado universitario sobre medio ambiente presencial (60 ECTS, 30 prazas) dende fai máis de 10 años (plan de estudos publicado no BOE 18/06/2011).

As evidencias expostas amosan que existe unha clara demanda de formación de segundo ciclo nesta materia. O noso mestrado sería moi competitivo e moi atractivo en relación coas ofertas académicas expostas dende todas as perspectivas:

- Estrutura e contidos específicos
- Carácter virtual
- Duración: 60 ECTS (un ano)

- Alto grado de especialización do profesorado
- Contexto académico e “marca” do Campus Auga
- Prezos competitivos

Este mestrado universitario responde a unha demanda significativa en Galicia e no resto de España (e Iberoamérica), e permitirá ofrecer dende o Sistema Universitario de Galicia a calquera persoa interesada en calquera lugar unha opción especializada online de alta calidade a un prezo asequible, en comparación con outras ofertas existentes fóra do SUG.

2.2 Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

As/os tituladas/os, no que se refire aos ámbitos xurídicos hídrico e termal, adquirirán ou incrementarán as súas competencias en:

- Coñecemento do Dereito vixente e xurisprudencia conexas.
- Adopción de decisións correctas en termos xurídicos polos sectores público e privado con competencias e intereses en materia hídrica e termal.
- Evitación ou resolución de problemas e conflitos xurídicos.

Todo isto en relación cos seguintes perfís profesionais:

- Letradas/os especialistas en administracións e órganos administrativos con competencias hídricas, termais, ambientais e turísticas.
- Funcionarios A1 e A2 (con títulos universitarios xurídicos ou con formación xurídica nos seus títulos universitarios non xurídicos – enxeñarías hidráulica, mineira o agraria, ciencias ambientais...) de administracións ou órganos con competencias hídricas, termais, ambientais e turísticas.
- Asesoras/es xurídicas/os en consultorías hídricas, termais, ambientais e turísticas • Avogados/as especialistas en dereito de augas, termal, ambiental e turístico.
- Investigadoras/es especializadas/os
- Titulados en enxeñarías e outras disciplinas científico-técnicas que cursen o previo módulo de formación xurídica básica ou contén con formación académica susceptible de recoñecemento.

O título responde á crecente sensibilidade social cara á xestión sustentable dos recursos hídricos e termais, especialmente relevantes en Galicia e en Ourense (a provincia galega onde se ubica o “Campus Auga”) pola súa riqueza hídrica e termal; e cubre un baleiro do servizo público de educación superior no Sistema universitario de Galicia.

- 2.3 Interese particular e apoio por parte dalgún grupo de empresas (clúster/hub) que apoie a proposta

Conta co apoio e a colaboración da importantes entidades públicas e privadas vinculadas o interesadas no medio ambiente, na auga e no termalismo en Galicia:

- Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia (Xunta de Galicia)
- Area de Turismo Termal da Xunta de Galicia
- Cluster da Auga Mineral e Termal de Galicia
- Colexio da Avogacía de Ourense
- Grupo COREN

3 Demanda

- 3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

A previsión de demanda para a matrícula é alta (axustar o número de prazas ofertadas a non máis de 20 ten como razón de ser asegurar ao máximo a capacidade do equipo docente de ofrecer a cada estudante a atención personalizada que se desexa); esta previsión está fundamentada en catro feitos:

- a) A elevada demanda que existe na actualidade en títulos (propios e oficiais) que ofrecen formación en dous dos bloques temáticos (réxime xurídico do medio ambiente e réxime xurídico dos recursos hídricos) de AQUA LEX. Como xa se expuxo no apartado 2.1 desta Memoria:
 - o Universidade de Granada: conta cun título propio virtual denominado “Máster de formación permanente en Derecho de Aguas”, con 60 ECTS; vai pola cuarta edición e ofertaron 40 prazas que neste curso 2026-2027.
 - o Universitat Rovira i Virgili: Conta cun “Máster Universtario en Derecho Ambiental” (virtual), con 120 ECTS en dous anos, van pola vixésima edición e ofertan 25 prazas,
 - o Hai máis universidades (privadas, como a UNIR ou a Universidade Europea) que ofertan mestrados universitarios sobre Dereito ambiental.
- b) O feito de que o terceiro bloque temático de AQUA LEX (réxime xurídico dos recursos termais) sexa totalmente novo e cubra unha lagoa na oferta académica do sistema universitario español e internacional.
- c) O feito de que (como queda constancia tamén no apartado 2.1 desta memoria), o prezo da matrícula dun Máster como AQUA LEX no sistema universitario de Galicia sexa moi competitivo en relación con outras ofertas no mesmo ámbito de interese académico no sistema universitario español.
- d) O feito de que a modalidade virtual impartida e as características académicas da estruturación da actividade docente no Máster AQUA LEX fagan accesible compaxinar os posibles deberes profesionais/laborais das/os estudantes coa formación no Máster.

Espérase (como adoita ser frecuente cos novos títulos de máster) un progresivo incremento da demanda nos dous primeiros cursos académicos tras a implantación do mestrado e unha demanda sostida superior ao número máximo de prazas a partir do segundo curso académico de implantación.

4 Non duplicidade

4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

Non existen titulacións similares preexistentes na Universidade de Vigo. O Mestrado Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga” (no que participan as tres universidades públicas galegas) é un mestrado multidisciplinar con solo 6 ECTS (o 10% da titulación) con contidos xurídicos: “Dereito da Auga” (3 ECTS) e “Contratación pública e fiscalidade dos servizos de auga urbana” (3 ECTS).

4.2 Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

Non existe no SUG ningún mestrado específico en Dereito Hídrico nin en Dereito hídrico e termal. Os mestrados oficiais existentes en dereito ambiental noutras universidades españolas non teñen a especialización en materia de réxime xurídico hídrico e termal que caracteriza esta proposta.

Este mestrado virtual complementa a oferta formativa do SUG ao cubrir unha área de especialización ata de agora desatendida, superando as limitacións xeográficas e ampliando o seu alcance máis aló dos campus físicos e das fronteiras autonómicas y estatais. Ademais, potencia a proxección nacional e internacional da Universidade de Vigo e do Sistema Universitario de Galicia, e permite captar estudiantado de distintas procedencias sen limitacións derivadas da capacidade física das instalacións.